

CHIARE FRESCHE E DOLCI ACQUE E A LITERATURA GALEGA*

Xosé Luís Couceiro

Universidade de Santiago*

Abstract: Buona parte della gioventù di F. Petrarca trascorre quando era ancora in vita D. Denis, l'ultimo dei grandi trovatori gallego-portoghesi. Nonostante tale coincidenza, né i poeti dei canzonieri classici, né quelli della scuola gallego-castigliana risentono dell'influenza dei modi lirici dell'aretino. Solo all'inizio del Seicento si possono riscontrare nella letteratura gallega i primi segni del magistero letterario italiano.

Resumen: Una buena parte de la juventud de F. Petrarca transcurre aún en vida de D. Denis, el último de los grandes trovadores gallego-portugueses. A pesar de esta coincidencia temporal ni los poetas cancioneriles clásicos y los de la escuela gallego-castellana acusan la influencia de los modos líricos del aretino. Sólo a principios del siglo XVII se pueden detectar en la literatura gallega las primeras muestras del magisterio literario italiano.

A evocación desta celeberrima canción de F. Petrarca trata sintetizar nun dos seus formidables versos o impacto causado no ánimo dun lector daquela novo —verán posterior 'Maio do 68— a viva impresión causada no seu ánimo pola lectura dun dos máis perfectos cancioneros concibidos en calquera época. Agora trátase de ver cómo esas vivificantes augas tardaron tanto en chegar a literatura galega.

* **Dirección para correspondencia:** fgcou@usc.es

Esta comunicación, agora readaptada que non actualizada, presentouse no seu día no seo dunha xuntanza celebrada na Universidade de Valencia e dirixida por J. Benavent con motivo da celebración do séptimo centenario do nacemento de F. Petrarca. Empeitizos económicos —recurrentes en demasía nas nosas universidades— impediron a publicación no seu momento dos traballos presentados daquela; coidamos que o pequeno interese que motivou este capituliño na literatura galega aínda persiste, sobre todo se se lé co horizonte do ano 2004, cando non se publicara a esculca que sobre o tema fixo posteriormente C. de Frutos. Polo tanto o presente traballo débese inserir daquela con aquela cronoloxía e sen modificacións que poidan alterar o que entón se pensaba.

Permítaseme iniciar a miña intervención nesta reunión tratando de separar xa dende o principio algunha materia que sería común e pertinente neste foro —incluso pode parecer inescusable—, como é o petrarquismo considerado como tendencia estética, pero as pegadas e rastreo do petrarquismo entendido principalmente como “imitación directa o indirecta del *Canzoniere* de Petrarca —sus temas, su ideología, sus procedimientos estilísticos, sus formas” — dende un punto puramente literario estarán ausentes do que vai seguir. Limitareime a presentar e tratar de explicar ou máis ben comentar un dato que afecta a literatura galega no seu conxunto, e é precisamente a práctica ausencia de textos petrarquescos en galego ata tempos moi recentes; esto non quere dicir que as influencias do gran poeta italiano non chegaran a nosa literatura, xa que alguén —e cito a través de Pilar Manero— falou cunha certa dose de humor do petrarquismo como dunha enfermidade que afecta ou afectou a literatura italiana ou europea nalgún momento da súa historia, pero esas influencias arribaron tamén tardiamente entre nós e non como unha influencia orgánica que afecta a unha xeración, a unha escola ou a un movemento literario. Non se trata aquí directamente, polo tanto, do petrarquismo interior que esta estudiosa describe como un “refinamiento lingüístico unido a la expresión íntima del mundo afectivo y sentimental, siempre contradictorio y en conflicto, pero aspirando al equilibrio bajo el dominio de la razón”². Estes trazos danse na literatura galega contemporánea pero, no seu momento, veremos cáles puideron se-los vieiros de chegada.

Ademais, xa que a miña intervención nesta reunión ocorre nun lugar tan alongado no espacio e quizás no inmediato coñecemento da literatura galega, permítaseme, en beneficio da claridades expositiva aludir a certos tópicos escolares da nosa historia da lingua e da nosa literatura. Para todos aqueles ós que os ditos lugares lles son familiares, pídolles a pertinente indulxencia, xa que o repaso de aqueles puntos sabidos polos nosos escolinos tratará de se-lo máis sintético posible.

Cando os escritores do século XIX deciden crear unha literatura en lingua galega, un dos primeiros e máis graves problemas co que embazan é o da lingua non só literaria, senón simplemente a escrita, que normalmente, nas grandes literaturas asentadas, son ou preséntanse para os pouco reflexivos, como un produto natural que lles ofrece a cultura e que eles aproveitan, e que cada xeración literaria vai poñendo ó día, sen te-la sensación de seren pioneiros no cultivo desa literatura ou dun particular xénero, e dicir, presupoñen que non están edificando ex nihilo senón que se serven dos materiais que a natureza social da lingua, como se fora unha canteira, pon a súa disposición nun determinado tempo histórico. Eses escritores parten dunha tradición. Os creadores de aquelas literaturas afirmadas no tempo, no seu momento, aprenderon a lingua no seu entorno, puxérona por escrito na escola e, nun determinado momento, servíndose da tradición literaria e da súa propia capacidade creadora, actualizárona, entregando a colectividade un novo produto literario que, a súa vez, viña a aumentar o acervo literario da comunidade cultural na que se ins-

1 J. G. Fucilla, *Estudios sobre el petrarquismo en España*, Madrid, Revista Española de Filología, 1960, p. XIII.

2 *Ibid.*, p. 8. Á posibilidade de ampliar estudos estilísticos e temáticos da autora, dos motivos recorrentes, pódese engadir agora un non menos interesante referido a tipoloxía e estruturación interna dos moitos cancioneros editados a partir do s. XVI, na liña investigada pro G. Cabello Porras, *Ensayos sobre tradición clásica y petrarquismo en el Siglo de Oro*, Almería : Universidad, Servicio de Publicaciones, 1995.

cribía o artista. A maior parte dos escritores desas comunidades, ignoraba ou simplemente esquencera os momentos exordiais en que os primeiros escritores se esforzaron e trazaron os primeiros vieiros literarios. A maioría actuaba sobre unha tradición asentada culturalmente. Tan asentada que incluso dispoñía de recompilacións especiais que, baixo forma de gramáticas ou de dicionarios, tiñan inventariada parte da súa produción e incluso, as normativas, orientaban sobre o uso da lingua escrita servíndose dunha dose non pequena de preceptiva literaria.

Pero nada desto estaba á disposición dos escritores galegos do século XIX. Como colectivo ignora que na Idade Media houbera case toda unha literatura que se expresara na mesma lingua en que el agora falaba e na que se propoñía escribir. Quizás os máis avisados e eruditos chegaron a ve-las primeiras mostras dunha arte trobadoresca que unha vigorosa filoloxía románica, —a súa coetánea, nadas as dúas quizá casualmente ó abeiro do Romanticismo—, empezaba a editar, pero que se difuminara e perdera no devalar tormentoso da Idade Media galega; xa que logo “Os Cancioneiros galegos foron tamén practicamente descubertos ou pubricados cando xa o renacemento galego estaba en marcha. Inicialmente, pois, a literatura galega contemporánea se non apoia en ningunha tradición literaria vernácula, como non sexa na literatura popular, é decir, no folklore³”. O escritor galego, case que exclusivamente durante todo o século XIX, procura recoller esta literatura, case toda ela de carácter oral e que reutilizará en parte; ademais, inspírase na realidade máis inmediata do seu tempo, mentres que as formas literarias veñen de literaturas alleas, principalmente da castelá nun primeiro momento, xa que esta lingua comparte coa galega unha eufonía bastante próxima, polo menos non tan distanciada como a que se aprecia na realización oral do portugués, que sen embargo en canto lingua escrita estará presente a partir da fase do rexionalismo reivindicativo, inmediatamente anterior o nacionalismo das Irmandades da Fala, agrupacións estas de carácter político-cultural que se organizan polos anos da I Guerra Mundial..

Xa nos tempos do Marqués de Santillana, —e cito ó nobre escritor sobre todo como lector culto, case un bibliófilo, pero tamén poeta en galego—, nin el nin a xente do seu entorno podían lembrar máis que o nome dun par de trobadores, e seguramente na súa biblioteca non habería ningún cancionero cando lle escribe a sonada *Carta prohemio* ó Condestable de Portugal, xa que ten que facer un esforzo de memoria para visualiza-los cancioneros lidos na biblioteca de súa avoa, dona Mencía de Cisneros, cando aínda era mozo.

Carente de un modelo lingüístico prestixiado pola cantidade e calidade dos textos, a lingua literaria da chamada escola galego-castelá empobrecécese e acaba por bastardearse⁴ ata tal punto que aínda a filoloxía actual non foi quen de dar unha lección satisfactoria da totalidade desa poesía que, en número, dista moito de chegar ó centenar de poemas⁵. É precisamente,

3 R. Carballo, *Historia da literatura galega contemporánea*, 2ª ed., Vigo, 1975, p.13.

4 É incluso, nalgúns casos, conscientemente deturpada na procura de xogos rítmicos. Para as características lingüísticas máis sobresalientes do período véxase a excelente descrición de R. Mariño, *Historia da lingua galega*, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco, 1998, p.175 e ss.

5 A última revisión desta produción realizouna R. Polín, *Cancioneiro galego-castelán. (1350-1450). Corpus lírico da decadencia*, Sada- A Coruña, 1997, e nel estúdiáanse sesenta e tres cantigas como auténticas, mentres de outras vinte e dúas dáse a súa edición en apéndice, xa que por diversos motivos non se axustan ós criterios das primeiras.

como se sabe, neste momento cando a poesía petrarquista empeza a esparexerse na literatura italiana e noutras literaturas nacionais, sinaladamente na francesa. Parece ser o Maqués de Santillana un dos primeiros literatos españois influenciados directamente por Petrarca⁶. A posición deste escritor, dende o punto de vista cronolóxico e cultural, é tal que el podería ser unha das vías de difusión dos modos literarios do poeta aretino entre nós xa que, como é sabido de moitos, don Íñigo López de Mendoza foi un dos últimos poetas de nación castelá que fixo deus mostrar de coñecer non só a historia do trobadorismo senón de telo asimilado de tal xeito que foi capaz de deixar unha cantiga en galego que hoxe encadramos naturalmente dentro da escola galego-castelá.

Segundo o grande estudioso da poesía peninsular entre 1350 e 1500, P. Le Gentil, é a través da poesía francesa do tempo por onde chegan á literatura castelá (e portuguesa, nun segundo momento) as influencias máis claras e sostidas do petrarquismo⁷ Pero estes ecos, segundo os especialistas, non afectaron, non chegaron ou evitáronse nas cantigas galego-castelás que responden, no esencial, a motivos e modos do período trobadoresco anterior, ou cando polo menos aqueles que os poetas do tempo, en apreciación raquífica, imaxinaron que foran. E realmente foi unha mágoa que esta poesía non puidera conectar co maxisterio de Petrarca porque era unha poesía que tiña no seu modelo do trobadorismo clásico textos, sobre todo no xénero cantiga de amigo ou nalgunha pastorela, realmente textos afíns nos que o sentimento namorado parece atopar eco nunha natureza máis ou menos estilizada, pero natureza e paisaxe ó fin e ó cabo. Lémbrese senón a amiga de Martín Codax “Ay ondas, que eu vin veer,/ se me saberedes dizer/ porque tarda meu amigo/ sen min?” ou a de don Denis á súa vez que interroga “Ai flores, ai flores do verde pino,/ se sabedes novas do meu amigo!/ Ai Deus, e u é?”. A invitación a un lugar que parece grato e ameno inicia esta coñecida cantiga de amigo do ferrolán Fernand’ Esquyo

Vayamos, irmana, vayamos dormir
nas rrybas do lago, hu eu andar vy
a las aves meu amigo.

Vaiamos, hirmana, vaiamos folgar
nas rribas do lago, hu eu vi andar
a las aves meu amigo.

O cultivo literario do galego, a poesía trobadoresca no seu conxunto, está claramente ligada na Idade Media á protección dos mecenas reais ou aristocráticos, tanto na época clásica como na dos epígonos. E seguramente o exemplo de ilustres e magníficos cultores como Afonso o Sabio, don Denis ou o Conde de Barcelos arrastraron a poetizar a outros letrados do

6 A influencia directa de Dante e Petrarca no Maqués e noutros escritores do XV é lugar común nas historias e dicionarios de literatura; a título de exemplo véxase a v. *Petrarquismo* en D. Estébanez, *Diccionario de términos literarios*, (Madrid, 1996).

7 P. Le Gentil, *La poésie lyrique espagnole et portugaise à la fin du Moyen Age*, Rennes, 1949-1952. Hai unha reprodución anastática máis recente: Genève-Paris, 1981, *passim*.

seu entorno, e estes ós seus amigos, ingresando deste xeito todos na categoría de trobadores. Pero ó faltar o exemplo, o incentivo persoal e, sobre todo o mecenádego, desapareceron os estímulo máis inmediatos, persistindo quizá outros axentes literarios de máis longa tradición cultural como puido ser a xograría que acadara, no período áureo, a gloria da creación, contendo nalgún caso cos trobadores aristocráticos. Cando chegan ás primeiras traducións do latín ó romance na Península do século XV o nome ou profesión de ‘trobador’ estaba claramente devaluado e soaba como un insulto. Os dous representantes máximos deses status, trobador e xograr, na decadencia, foron por un lado Afonso Álvarez de Villasandino, cun obra máis que sobresaliente e respectada dentro do Cancioneiro de Baena, e por outro lado a vida totalmente axograrada e semitráxica de Garçi Ferrandes de Jerena. A título orientativo téñase en conta que a biografía xuvenil do Petrarca coincide cos vinte últimos anos do grande e rexio trobador don Denis e por case que cincuenta anos coa do seu fillo natural e tamén trobador don Pedro, conde de Barcelos, que en certo modo desempeñou unha actividade análoga á do vate italiano, pois case con enteira seguridade foi o nobre portugués o encargado de xuntar o ancestro dos cancioneros galego-portugueses exportados e copiados en Italia.

A produción poética galega posterior ós cancioneros casteláns pódese considerar case como anecdótica, froito das circunstancias —mortes ou nacementos reais, desastres militares—, e non en balde os séculos XVI, XVII e XVIII son coñecidos dentro da nosa historiografía literaria como Séculos Escuros⁸. Na realidade, pola calidade e cantidade do produto literario que máis arriba resumimos, esta denominación puidera perfectamente abarca-lo período todo de decadencia, senón estivera ligado ó anterior por razóns socioliterarias. A lingua galega desaparece do cultivo literario aceptado e público, practicamente dende mediados do século XIV ata —se non se é moi rigoroso— ata, digo, mediados do século XIX, época na que o Romanticismo serodio propicia o renacemento moderno do galego como lingua literaria de Galicia. E este período histórico non se pode dar por concluído. Así e todo, como se sabe, neste espacio e neste tempo, aínda o galego non acadou plenamente o grao de normalización que sería desexable.

A produción literaria galega en tantos séculos é realmente escasa, ‘facareña’ diría un dos meus mestres, e so algún acontecemento sinalado produce uns textos de circunstancias, maiormente de corte festivo. Como curiosidade digamos que é neste período cando chega o soneto, forma literaria privilexiada por Petrarca, á nosa literatura, cando xa esta singular

8 Realmente non é só o galego en desaparecer da creación literaria en Galicia. Sucede o mesmo co castelán ou se se quere tamén co latín, e o que se observa é unha profunda crise cultural e creadora —lémbrense as alusións a este feito nas plumas dos autores clásicos casteláns—, que só ocasionalmente conseguen soerguer a universidade compostelá e mosteiros ou conventos, por falar de centros que poden contar cunha biblioteca. A pequena nobreza que constrúe por esta época os seus pazos so excepcionalmente contará cunha destas que a morte do seu creador pasará por herdanza a algunha institución que poida coidar dela, como describe na Introducción de X. R. Barreiro ós *Pazos de Galicia* (A Coruña, La Voz de Galicia, 2002); máis aínda: nesa construción señorial, case que de representación, arquitectonicamente non estaba previsto o espacio biblioteca. A presenza entre nós de varias imprentas, como a de Monterrei, Ourense, Mondoñedo ou Compostela, algunha con incunables, tampouco significou estímulo suficiente, xa que a produción maioritaria foi o libro de carácter relixioso, as máis das veces rituais..Repasando as entradas dos dous tomos de M. Serrano y Sanza, *Apuntes para una biblioteca de escritoras españolas desde el año 1401 al 1833*, Madrid, Sucesores de Rivadeneyra, 1903-1905, non se atopa ningunha referida a escritoras nadas en Galicia, coa excepción da famosa Isabel de Castro, á ligada a Ercilla. Puido haber outra galega do mesmo nome, autora duns desaparecidos poemas galego, a parente de dona Francisca Losada, a amiga corresponsal do Cura de Fruíme.

forma poética tiña no seu cultivo unha longa tradición noutras literaturas. En concreto, documéntanse por primeira vez con dúas mostras excelentes, debidos un, o “Soneto con falda”, á pluma de J. Gómez Tonel, e o outro titulado “Respice finem” de Pedro Vázquez de Neira, ambos publicados en 1612 con motivo das exequias pola raíña Margarida de Austria, morta no ano precedente. Outro soneto anterior, atribuído a galega Condessa de Altamira, Isabel de Castro, e en honor de Alonso de Ercilla, non é dela, e ademáis está escrito en portugués, segundo demostrei noutro lugar⁹.

O petrarquismo chega, cando chega, pois, á literatura galega non directamente, senón a través da literatura castelá que o asimila xa dende a época do mentado Marqués de Santillana. E é sobre todo na época do Renacemento español cando os nosos poetas, escasos, entran en contacto co soneto en canto forma poética. Pensamos que foi nesta literatura onde o acadaron, porque en castelán está o resto dos poemas en libros, como o lembrado das *Exequias*. Non se pode excluír que o soneto nos chegara polo portugués¹⁰, xa que, noutras épocas máis documentadas, esta literatura serviulle de modelo a galega, pero en datas moi posteriores a estas do s. XIX: Hai un soneto anónimo que se pode datar por 1530, o chamado *Soneto de Monterrei* que lle foi atribuído nada menos que a Luis de Camoens. Tamén cabe a posibilidade de que o contacto co petrarquismo se producira entre nós a través na brillante literatura francesa que nestes séculos xa o incorporara e amoldara as súas propias esixencias; pero tamén o petrarquismo puido valorarse directamente en Italia: e ó lado dos grandes poetas españois, embaixadores ou capitáns en Nápoles, Milán ou Roma, tivo que haber, senón poetas, si lectores e estudiosos galegos, algúns ‘criados’ dalgún personaxe poderoso, pero capaces de apreciar as ensinanzas e maxisterio supremo de Bembo. E lectores en italiano tamén os puido haber entre nós, ó fin e ó remate un Tonel ou un Vázquez de Neira, sobre todo o primeiro, eran homes moi cultos, como se pode apreciar na presentación do poemario colectivo, un estudio bastante pormenorizado dos usos funerarios ó longo da Historia. Os contidos, os motivos da poesía de Petrarca, non chegan a difundirse nas nosas letras pola radical razón apuntada, a coase total ausencia de literatura de creación, pero tamén polo carácter ocasional dos nosos textos, desligados entre si, sen formar un sistema coherente¹¹; en poucas palabras, non temos para os Séculos Escuros nin poesía de amor nin patriótica, xéneros máis en consonancia xa coa literatura do século XX. Pero xa advertimos que non era este o obxecto desta aproximación ó tema.

Hai outro xeito de se achegar e disfrutar da poesía de Petrarca e dos seus discípulos e imitadores, xeito moi discutido, pero que tódalas linguas e literaturas importantes practican: o da tradución. Máis aínda, nas literaturas marxinais, minorizadas, as élites ilustradas procuraron e aconsellaron a tradución sobre todo da poesía; de paso que se prestixiaba ó mostrar que era capaz de expresar os elevados contidos do orixinal nunha forma elegante, servía para someter a lingua oral a unha sorte de ximnasia e disciplina superior que habili-

9 X.L. Couceiro “Atribución indebida”, *Homenaxe a Ramón Lorenzo*, I, Vigo, 1988, pp. 283-298

10 Nesta lingua a difusión do petrarquismo, no s. XVI, é paralela á castelá, segundo a excelente e avultada monografía de Marnoto, Rita, *O Petrarquismo portugués do Renascimento e do Maneirismo*, Coimbra, Universidade, 1997

11 Para unha descrición rigorosa véxase H. Monteagudo, *Historia social da lingua galega*, Vigo, Galaxia 1999, especialmente os capítulos III e IV, e dentro deste o § 4.

taría o propio léxico para unha literatura de creación¹². Non menos importante era o papel que a tradución procura na captación de novos lectores, sobre todo cando sistematicamente se procuran traducir libros infantís e de aventuras¹³. Hoxe tódalas editoriais importantes do libro galego seguen esta política cultural¹⁴, que dende principios do século XX animaron e practicaron as grandes revistas como foron *Nós* e *A Nosa Terra*. Aló polos anos cincuenta e despois dunha época inicial de tanteo, coa fundación da editorial Galaxia, e máis en concreto a partir do ano 1963, na que aparece a súa revista máis emblemática, *Grial*, esta política levouse a cabo metodicamente, pois en tódolos números publicados ata hoxe a tradución estivo presente, tanto na creación puramente literaria como, e sobre todo, no ensaio, xa que neste eido coidaba a editorial que a cultura galega era deficiente. Téñase presente que a revista con un coidado deseño ven saíndo catro veces ó ano sen faltar nin unha soia vez nestes últimos corenta anos.

A política cultural, pois, das nosas editoriais foi ir poñendo ó alcance de tódolos lectores, e non podía ser doutro xeito, a que podía considerarse como biblioteca fundamental da literatura e da cultura occidental, primando en certo modo os grandes valores literarios, acabados exemplos estéticos en si mesmos, pero tamén capaces de influír decisivamente noutros escritores e noutras culturas. E ese foi o caso de Petrarca, cuxa presenza ou, mellor, cuxa ausencia é outro índice máis da precariedade da literatura galega como entidade.

12 Esta idea, a carencia de un léxico poeticamente traballado, parece que é a que ten in mente R. Carballo, cando trata de explicar as razóns da elección de formas simples poéticas por parte de E. Pondal –fronte a unha métrica máis requintada e complexa de Rosalía de Castro ou de Curros Enríquez–: o emprego de formas difíceis houbéralle ocasionado problemas técnicos que psicoloxicamente non estaba disposto a asumir (*Op. cit.*p.395)

13 Aínda tendo un número reducido de lectores as grandes editoriais galegas como Galaxia, Edicións Xerais ou Edicións do Castro coidan especialmente o libro infantil e tradúcense series de tebeos ou tiras cómicas como *Asterix* ou *Mafalda*. O autor italiano máis traducido ó galego, polo menos en canto a títulos, é G. Rodari, con preto dunha ducia. Tamén para os mesmos pequenos lectores foi traducido a nosa lingua un clásico como *Pinocchio*.

14 A historia da tradución en galego, nas súas liñas máis xerais, pode seguirse en C. Noia Campos, “Historia da tradución en Galicia no marco da cultura europea”, *Viceversa. Revista galega de tradución*, I, pp. 13-62.